

O Departamento de Lingua Galega e Literatura establece os **seguintes criterios de avaliación** e cualificación para a avaliación final ordinaria do curso 2021-2022:

**Mantéñense os criterios de avaliación para o terceiro trimestre** tal como están establecidos na Programación Didáctica. Polo tanto, a nota do terceiro trimestre, como aconteceu na dos trimestres anteriores, será calculada tendo en conta as **probos obxectivos (exames) e os libros de lectura obrigatoria e optativa**, así como posibles anotacións feitas nas clases, **cadernos**, tarefas, deberes.

Mantense de igual xeito a **necesidade de recuperar todas as avaliacións**. **No caso de aprobar todas as avaliacións, o cálculo da nota final farase cunha media de todas as avaliacións**.

Tras o cálculo da nota unha vez avaliado o terceiro trimestre e **feita a devandita media, o alumnado poderá sumar a esa nota ata un 0,5 puntos** coa realización das tarefas na aula durante o período que vai do **8 de xuño** (data da terceira avaliación) ata o **22 de xuño** (data da avaliación ordinaria).

As devanditas tarefas poderán incluír comprensión escrita e oral, expresión escrita e oral, **coñecemento da lingua e da literatura** e serán de **obrigada realización** para todo o alumnado.

**Estas tarefas** en ningún caso restarán na nota xa obtida pola alumna ou alumno e **deberán ser entregadas para a súa valoración na forma e prazo establecidos**.

O alumnado que, aínda coa realización das tarefas, **non acade o aprobado nalgunha das avaliacións deberá realizar un exame** que consistirá en exercicios de coñecemento de **lingua e de literatura** e que poderá incluír tamén unha parte de expresión escrita ou comentario de texto.

O Xefe do Departamento

Asdo, Daniel Asorey Vidal